

UNIDADE 1.

A Organización política do mundo.

1. A organización política das sociedades .

O Estado é a **organización básica** e caracterízase por **ter a soberanía**, é dicir, autoridade suprema. Os Estados **cédennlle parte** da súa soberanía

- a **entidades supranacionais** (por encima do ámbito nacional) como a ONU ou a Unión Europea.
- **transfírenlle competencias a entidades subestatais** como as Comunidades Autónomas ou os municipios.

Existen **Estados plurinacionais e/ou multiculturais**.

Non debemos confundir:

- **Estado: unidade política e administrativa superior** que rexe un territorio.
- **Nación:** Conxunto de persoas cunha mesma **lingua, cultura e historia**.


1.1. O estado como organización política da sociedade.

O Estado é o **conxunto de institucións** creadas para regular a vida e as actividades das **persoas que viven nun mesmo territorio**, gobernadas por unhas **mesmas leis** e baixo **un mesmo poder**.

O territorio do Estado está delimitado por unhas **fronteiras** e poseu uns **símbolos** que o identifican (himno, bandeira, ...).

Entre as **funcións do Estado** podemos destacar:

- **Establecer as leis** (Parlamento) e **velar polo seu cumprimento** (poder xudicial).
- Manter a **orde interior** (policia) e a **seguridade exterior** (exercito)
- Dirixir e desenvolver a **política exterior**, e establecer **relacións internacionais** (consulados, embaixadas,...).
- **Regular a economía**, as relacións laborais, e recadar **impostos**.
- **Administrar e xestionar servizos** (educación, sanidade) e **infraestruturas públicas** (estradas, aeroportos, ferrocarrís,...).



1.2. Os Estados cambian

Na actualidade, o mundo está formado por uns **200 Estados**. O sue número e o seu territorio **variaron ao longo da historia** (guerras, proceso independencia, tratados internacionais,...).

1.3. O Estado de benestar

No pasado, os Estados tiñan como misión o mantemento da orde, a defensa do territorio e o establecemento de relacións internacionais.

Ao longo do século XX, **as funcións do Estado ampliáronse** e, hoxe, consideramos que, co diñeiro dos impostos, tamén debe proporcionar **servizos básicos** á poboación :


- **Servizos públicos**, como a **sanidade ou a educación** gratuítas para todos.
- **Subvencións e subsidios** para atender as necesidades da poboación.
- **Sistema de pensións** que permite **vivir dignamente a poboación xubilada** ou á que non tivo ocasión de traballar.

É o que chamamos **Estado de benestar ou Estado social**.

Na actualidade, **só existe nos países desenvolvidos** e é máis forte en Europa ca noutros continentes.

Fronte a estos están os **Estados frustrados** (aqueles que presentan un baleiro de poder e son inseguros).

2. ÍNDICE DE FRAXILIDADE ESTATAL



Fraxilidade estatal

Extrema (20-25)	Baixa (4-7)
Alta (16-19)	Pequena ou nula (0-3)
Grave (12-15)	Sen datos
Moderada (8-11)	

2. Os Estados segundo a súa organización política

2.1. Os Estados democráticos

Nos Estados democráticos ou de Dereito o poder está repartido para evitar que unha soa **persoa ou un grupo controle todo** o Estado, o que chamamos **separación de poderes**:

- O **Parlamento ten o poder legislativo**, e dicir, aproba as leis e controla o Goberno.
- O **Goberno ten o poder executivo**, aplica as leis e que administra o país.
- Os **xuíces exercen o poder xudicial**: coidan de que cidadáns e institucións cumbran as leis.
- Os **cidadáns participan no goberno**.


Como é **difícil que todos interveñan directamente**, elixen nas **eleccións**, a través do sufraxio ou voto, uns **representantes** que gobernen por eles.

Todos os **cidadáns e cidadás maiores de idade** poden votar e presentar se ás eleccións.

6. O SISTEMA DEMOCRÁTICO



5. NIVEL DE DEMOCRACIA NO MUNDO




As eleccións deben cumprir uns **requisitos**.

- As persoas ou partidos políticos que se presentan a elas deben **poder expoñer libremente o seu programa**, sen censuras. (sempre que cumpran a lei).
- As **eleccións deben celebrarse periodicamente** para impedir que **as persoas se perpetúen no poder** e teñen que existir **garantías da limpeza** dos resultados.

Nun Estado de Dereito todas as persoas están **obrigadas a respectar as leis**.

A **Constitución é a lei máxima**. Nela defínese a forma do Estado e regúlanse os dereitos e os deberes das persoas.



2.2. As ditaduras

Nas ditaduras **todos os poderes do Estado están nas mans dunha persoa ou dun grupo** (o exército, os líderes relixiosos, un grupo étnico, etc.).

Moitas veces, estas persoas **tomaron o poder de forma violenta** tras un golpe de Estado ou unha revolución.

A maioría dos **cidadáns non participan no goberno**.

O **Goberno**:

- **non reconece os dereitos humanos**,
- **utiliza a represión** para eliminar calquera oposición política.

En moitos países hai **falsas democracias**, ditaduras encubertas.

2.3. As monarquías e as repúblicas.

As **monarquías** son Estados en que **o xefe do Estado é un rei**, que posúe o seu cargo por **dereito de nacemento e que o transmite** aos seus descendentes.

A monarquía pode ser **ditatorial ou democrática**. Hai **monarquías democráticas de dous tipos**:

- **Monarquía constitucional**, se o monarca **participa nos labores de goberno** a medida que se estipule na Constitución.
- **Monarquía parlamentaria**, se **o monarca é o xefe do Estado**, pero **non exerce acción** ningunha de goberno.

7. MONARQUÍAS E REPÚBLICAS



As **repúblicas** son Estados en que **o xefe de Estado é un presidente**.

- Nas **repúblicas que son ditaduras** o presidente é **elixido polos grupos de poder**.
- Mentres que nas **repúblicas democráticas** son **os cidadáns os que o elixen**.
- As **repúblicas democráticas** poden ser de **dous tipos**:
 - **República parlamentaria**, cando o xefe do Estado é elixido polo Parlamento e non coincide co xefe do Goberno (Alemania).
 - **República presidencialista** cando o xefe do Estado coincide co xefe do Goberno e é elixido directamen polos cidadáns (EEUU).

2.4. Os Estados segundo a relixión

Existen Estados laicos, aconfesionais, confesionais e teocráticos.

- Os **Estados laicos** presentan unha **separación total entre a relixión e o Estado**. Os cidadáns poden profesar a relixión que desexen ou ningunha, e **as leis non se basean nunha doutrina relixiosa**.
- Son **Estados aconfesionais** os que **non teñen relixión oficial pero establecen acordos con algunhas relixións** (normalmente maioritarias) para ofrecerlles certas vantaxes.
- Nos **Estados confesionais** hai unha **relixión oficial** que goza de amplos privilexios.
 - Existen **Estados confesionais democráticos** (por exemplo, Reino Unido, Suecia, Dinamarca...), en que está **permitida a práctica doutras relixións**.
 - **Non obstante**, na maioría dos Estados confesionais está **prohibida a práctica doutra relixión** diferente da oficial.
- Os **Estados teocráticos** profesan unha **relixión oficial**, os **libros relixiosos son a lei** e os relixiosos teñen unha enorme influencia política. Nestes Estados está **prohibido practicar outras relixións**.

3. Os estados segundo a súa organización territorial.

3.1. A organización territorial do Estado.

Os Estados **organízanse en unidades territoriais menores** para administrar mellor o seu territorio. Estas divisións **reciben diferentes nomes** en cada país: comunidades autónomas, cantóns, departamentos... Por iso, nun Estado adoitan existir **dous tipos de institucións** de goberno: **estatais**, por un lado, e **rexionais e locais**, por outro.

- As **institucións estatais** toman **decisións que afectan a todo o territorio** do Estado.
 - Son o **Parlamento Nacional**, o Goberno do país e os **tribunais superiores**.
- As **institucións rexionais e locais** toman decisións que só afectan ao ámbito territorial ao que pertencen (rexión, provincia, municipio...).

En función de como se organizan as relacións entre as institucións estatais e as institucións rexionais e locais, podemos distinguir entre:

- **Estados centralizados.**
- **Estados descentralizados.**

3.2. Os Estados centralizados

Nun Estado centralizado a **Administración central goberna todo o territorio** do Estado.

Existen **institucións rexionais e locais**, pero **non teñen autonomía de goberno**, senón que dependen das institucións estatais.

Os **funcionarios das entidades locais e rexionais** son elixidos pola **Administración central**.

Francia, Ecuador, Nova Zelandia ou Portugal son exemplos de Estados centralizados.

3.3. Os Estados descentralizados.

Nun Estado descentralizado as **institucións estatais exercen a súa autoridade en todo o Estado** e existen unhas **leis comúns** para todos os territorios.

Pero as **rexións teñen as súas institucións propias**: un Parlamento, un Goberno e uns tribunais.

Os **cidadáns elixen** os membros dos Gobernos e parlamentos locais e rexionais, que **non dependen das institucións estatais**.

Estas institucións dispoñen de **amplos poderes nos seus territorios**.

As **súas competencias**, é dicir, as materias sobre as que teñen poder, **defínense na Constitución**.

As institucións rexionais só **poden ditar normas sobre estas materias**, e esas normas rexen **unicamente no seu territorio**.

Estados Unidos é un Estado descentralizado.

8. A ESTRUCTURA TERRITORIAL DO ESTADO



Coñecer as **distintas entidades administrativas** en que se divide o territorio dun Estado, as **institucións que gobernan** cada unha delas, así como **quen elixe os seus membros**, as **competencias desas institucións** e o seu **grao de dependencia** respecto á Administración central **permítenos clasificar** un Estado como centralizado ou descentralizado

4. A cooperación entre os Estados

4.1. A regulación das relacións internacionais

Os Estados establecen **relacións**, normalmente **pacíficas**:

- Establecen **contactos diplomáticos** con outros países.
- Manteñen **intercambios económicos** para abastecerse de mercadorías e servizos que lles faltan e vender o que lles sobra.
- Existen **movementos de poboación** entre os Estados por motivos de traballo, estudos, turismo.
- Establecen **relacións culturais**, como os acordos entre universidades e centros de investigación.

Para facilitar as súas relacións, os Estados **asinan acordos, pactos e tratados**.

Tamén se creou o **dereito internacional**, unha serie de normas que todos os Estados deben cumprir.

4.2. Os organismos internacionais e supranacionais.

Son **asociacións que os Estados crearon voluntariamente** para tratar **cuestións de interese común**, adoptar decisións sobre elas e solucionar conflitos.

O **principal organismo internacional** de mediación entre os Estados é a **Organización das Nacións Unidas (ONU)**.

- **Organismos internacionais** son entidades formadas por **estados que cooperan voluntariamente en temas comúns** (comercio, saúde, medio ambiente...). As **decisións** que toman **non son vinculantes** e os estados deciden se as aplican ou non (A ONU pode recomendar accións, pero cada país decide se as segue).

Algúns organismos **poden tomar medidas coercitivas** se non cumpren os acordos: impondo **sancións e embargos**, restrinxindo ou **suspendendo axudas económicas** ou financiamento...

- **Organismos supranacionais**, en cambio, **teñen autoridade por riba dos estados membros**. As súas **decisións son obrigatorias** e poden afectar directamente ás leis nacionais. Os estados **ceden parte da súa soberanía** a estas institucións. (A UE pode legislar en certos ámbitos e os países membros deben cumprir esas normas)

Segundo o seu ámbito temático estes organismos poden dividirse en: **económicos** (FMI ou Banco Mundial...); **militar e defensa** (OTAN, Consello de Seguridade da ONU...); **político e diplomático** (ONU, TPI ou Tribunal Penal Internacional...); **científico e sanitario, ambiental, educativo e cultural** (OMS: Organización Mundial da Saúde, IPCC: Panel intergobernamental sobre o Cambio Climático,


UNESCO, FAO:

Organización para a agricultura e a alimentación...).

* Por outro lado, **clasificados por ámbito xeográfico** hai **institucións globais** (ONU) e **institucións rexionais** (Unión Africana, Mercosur en Sudamérica, ASEAN no Sueste asiático, UE...).

Sedes de organismos internacionais

Las capitales del mundo



4.3. A ONU

A Organización das Nacións Unidas (ONU) foi **fundada en 1945, despois da Segunda Guerra Mundial**, cando os Estados se deron de conta de que era necesario crear unha institución que resolvese os conflitos de forma pacífica.

Na actualidade, **193 países**, case todos os Estados do mundo, forman parte desta organización.

A ONU ten **tres obxectivos principais**:

- **Defender os dereitos humanos.**
- **Manter a paz.**
- **Traballar na cooperación internacional.**

Os **organismos especializados** de Nacións Unidas formulan recomendacións sobre materias concretas.

A ONU ten algúns **puntos débiles** que dificultan o seu labor.

Hai **cinco Estados** (Estados Unidos, Rusia, China, Reino Unido e Francia) que **poden vetar as decisións**, polo que queda exposta aos seus intereses.

Ademais, **non ten financiamento propio nin un exército propio**, polo que depende das achegas dos Estados.

Nacións Unidas conta cuns **órganos principais e algúns organismos especializados** para desenvolver a súa actividade:

<http://www.un.org/es/universal-declaration-human-rights/>



5. Os conflitos entre Estados.

5.1. Tipos de conflitos

En ocasións, prodúcense **conflitos entre os Estados** por motivos moi diversos, como o control dos recursos naturais (petróleo, diamantes, auga...), disputas territoriais, enfrontamentos nacionalistas ou étnicos, diferenzas relixiosas ou culturais, etc.

- Os **conflitos económicos**
- Os **conflitos diplomáticos**
- Os **conflitos armados**,

Tamén poden producirse **conflitos dentro dun mesmo Estado**.


5.2. A escalada do terrorismo

O terrorismo é unha forma de conflito en que **un Estado se enfrenta a grupos armados que utilizan a violencia indiscriminada** contra a poboación e as institucións, coa **intención de aterrorizalas e sometelas** ao seu dominio. É unha das grandes ameazas para a paz e a liberdade.

Ata o **atacado de Al-Qaeda** contra as Torres Xemelgas de Nova York o **11 de setembro de 2001**, o terrorismo supoñía un conflito interno dalgúns Estados. Desde entón, **iniciouse o chamado terrorismo global**, que presenta os seguintes trazos:


- Ten unha **estrutura internacional**, é dicir, **varios grupos** terroristas dispersos **por todo o mundo actúan de forma coordinada** no nome dunha organización terrorista.
- Posúe un **forte compoñente relixioso**.
- Os seus **obxectivos son internacionais**. Actúa en calquera parte do mundo, levando a cabo **accións indiscriminadas, moi sangrentas e con gran valor simbólico**.

11. O IMPACTO DO TERRORISMO NO MUNDO



El terrorismo en Europa

Muertos en ataques terroristas entre 1970 y 2020



5.3. A intervención da comunidade internacional

A intervención da comunidade internacional ante un conflito grave entre Estados está **tutelada pola ONU**.


As Nacións Unidas **só autorizan o uso da forza** no caso de **lexítima defensa ante unha agresión** ou para **axudar os pobos** baixo dominio dun **imperio colonial** e desexan independizarse.

O **dereito de inxerencia** supón a **intervención nun Estado mediante a forza e sen o seu consentimento** para **protexer a poboación civil da violencia** repetida e indiscriminada á que se ve sometida ou para **axudala en situacións de urxencia** derivadas do conflito que vive, como xenocidios, fames. ...

As **Forzas de Paz da ONU**, coñecidas como **Cascos Azuis** pola cor do seu uniforme, están formadas por **militares dos exércitos** dos países que **integran a ONU**.

A súa **función principal** é **crear ou manter a paz en áreas de conflito**.

En ocasións, a **ONU autoriza a outras organizacións a actuar** no seu nome, por exemplo, a OTAN.



UNIDADE 2.

A Organización política en Galicia, España e Europa.

1. Un exemplo de cooperación: a UE

1.1. A historia da UE

Tras a **Segunda Guerra Mundial** (1939-1945), retomouse a idea de **crear unha organización** para fomentar a cooperación entre os países europeos. Esta **cooperación** tiña dous obxectivos fundamentais:

- **Consolidar a paz** e evitar novas guerras en Europa.
- **Competir unidos fronte ás grandes superpotencias**, que tras a guerra mundial eran Estados Unidos e a Unión Soviética.

En 1951, **Bélxica, a República Federal de Alemaña, Francia, Italia, Luxemburgo e os Países Baixos** crearon a **Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (CECA)** para explotar conxuntamente a extracción de carbón e a produción de aceiro, dous produtos estratéxicos entón para o crecemento económico.

Os bos resultados animáronos a **ampliar a súa cooperación**. En 1957, **asinaron os Tratados de Roma**, que constituíron a **Comunidade Económica Europea (CEE)** e a **Comunidade Europea da Enerxía Atómica (EURATOM)**.

Os países das CEE:

- **Desenvolveron políticas económicas comúns.**


Estableceron a **liberdade de circulación de bens, servizos, traballadores e capitais**: os **produtos dun país poderían venderse noutros países da CEE** sen sufrir recargas especiais. Así, as empresas europeas crecerían ao contar cun mercado máis amplo.

- **Desenvolveuse o Dereito comunitario, leis comúns de obrigado cumprimento** en todos os Estados membros. Deste xeito foise estreita tendo a cooperación política.

- En 1993 entrou en vigor o **Tratado de Maastricht** e a CEE pasou a chamarse **Unión Europea (UE)**.

Tras **varias ampliacións** a UE chegou a ter **28 membros**, pero no 2019 o **Reino Unido abandonou a unión** tras o referendun de 2016, o que se coñece popularmente como **Brexit**, e a UE pasou a estar formada por **27 países**.

14. FITOS NA HISTORIA DA UE





15. AMPLIACIÓN DA UNIÓN EUROPEA

1.2. Unión económica e coordinación política

A parte da ampliación do número de membros tamén se deron pasos cara a unha maior **integración** económica e política:

En 2002 fíxose realidade a **unión económica e monetaria** coa entrada en circulación da **moeda única, o euro**. Inicialmente só 12 países adoptaron o euro. A comezos de 2015 eran 19 países. A progresiva **integración económica** puxo de manifesto a necesidade dunha **maior converxencia política**. Por iso,

- **fortaleceuse o papel do Parlamento Europeo**, o que daba **máis poder aos cidadáns**, posto que son eles os que elixen os parlamentarios.
- **recoñeceuse a cidadanía europea e a libre circulación de cidadáns da UE** polos Estados membros.

Tamén se **crearon novos fondos e políticas de solidariedade** coas **rexións menos desenvolvidas**, para compensar os desequilibrios, e **impulsáronse políticas sociais e ambientais**.

O **Tratado de Lisboa**, que entrou en vigor no ano 2009, estableceu unha **carta de dereitos fundamentais para todos os cidadáns comunitarios**.

1.3. As institucións da UE

- Os Estados membros da UE delegan parte da súa soberanía nalgúns institucións independentes que representan os intereses da Unión no seu conxunto.
- En Bruxelas, a capital da UE, cada país ten unha representación permanente para defender o seu interese nacional.

PRINCIPAIS INSTITUCIÓNS DA UE.	
Parlamento Europeo	- Representa os cidadáns da UE. - Aproba, xunto co Consello da Unión Europea, a lexislación e o orzamento comunitarios, e controla a Comisión. - Os deputados son elixidos por sufrexio universal

Comisión Europea	- Representa os intereses da Unión no seu conxunto. - Propón as leis ao Parlamento e ao Consello e vela para que se apliquen os regulamentos, se executen os programas e se utilicen ben os fondos da UE. - Esta formada por 27 comisarios, un por cada Estado membro.
Consello da Unión Europea	- Representa os Gobernos dos Estados membros. - Aproba a lexislación e o orzamento da UE, coordina as políticas económicas dos países membros, asina acordos internacionais e desenvolve a política exterior e de defensa. - Está composto polos ministros dos países.
Tribunal de Xustiza	- Interpreta o Dereito da UE e vela polo seu cumprimento. - Conta cun xuíz por cada Estado membro.
Tribunal de Contas	- Controla a financiación das actividades da Unión. - Está formado por un membro de cada país da UE.
Organismos especializados	- Banco Central Europeo (BCE) - Defensor do Pobo Europeo
Consello Europeo	- Reunión dos xefes de Estado ou de Goberno . - Se celebra catro veces ao ano para definir as orientacións e as prioridades políticas xerais da UE. (Non hai que confundir o Consello da Unión Europea).

2. A Unión Europea hoxe e os retos de futuro.

A Unión Europea **acolle só o 5,6 % da poboación do planeta** (448 millóns), é unha das maiores **potencias mundiais en volume de produción** (un 18% do PIB mundial) e de comercio (realiza algo máis do 30% do comercio exterior global). Non obstante, a **UE ten unha serie de problemas** e asuntos pendentes por resolver.

2.1. Reducir os grandes contrastes internos


Na Unión Europea **existen grandes contrastes económicos e sociais** entre os países membros. **Para reducir estas diferenzas** e procurar un crecemento equilibrado, a UE **desenvolve unha Política Rexional**.

A Política Rexional fixou **tres obxectivos**:

- **Axudar a cada rexión a alcanzar plenamente o seu potencial.**
- **Aumentar a competitividade e o emprego** no ámbito das rexións.
- **Conseguir que os países** que se foron incorporando desde 2004 **alcancen o nivel de vida da media da Unión Europea.**

A UE **materializa a súa Política Rexional** a través

18. DESIGUALDADES ECONÓMICAS E DE POBOACIÓN



do **Fondo de Cohesión e dos Fondos Estruturais**, que son dous:

- O **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)**, que se destina a **infraestruturas e investimentos produtivos** que poden crear emprego.
- O **Fondo Social Europeo (FSE)**, que financia **proxectos de formación profesional e programas de axuda ao emprego**.

O **Fondo de Cohesión** financia **proxectos de infraestruturas relacionados co medio ambiente e cos transportes** coa condición de que o déficit público do Estado beneficiario estea controlado.

2.2. Dous retos político

O seus **maiores retos** son:

- que **o peso económico da Unión Europea non se corresponde co seu peso político** a nivel internacional, que é **moi reducido**. En moitas ocasións, ante un problema político, **a UE non presenta unha postura común** e isto limita a súa capacidade de influencia.
- o **descontento** de moitos europeos polo **funcionamento das institucións**: **só o Parlamento se elixe democraticamente** e moitos consideran mínimo o seu poder real.

3. O Estado español.

3.1. O sistema político e as principais institucións.

A **Constitución española de 1978** define España como un **Estado social e democrático de Dereito**.

As **principais institucións do Estado español** son a **Coroa**, as **Cortes Xerais**, o **Goberno** e os **tribunais e xulgados**.



3.2. A organización territorial

Territorialmente, España organízase en **municipios, provincias, Comunidades e Cidades Autónomas**.

Hai máis de **8.100 municipios**, as unidades territoriais máis elementais do Estado español, gobernados polos **concellos**. O **pleno municipal** está formado polo **alcalde e os concelleiros**. Os municipios organízanse en 50 **provincias**, administradas polas **deputacións provinciais** ou outras corporacións de carácter representativo. As illas teñen a súa administración propia: **cabidos** en Canarias e consellos en Baleares.

As provincias agrúpanse en **17 Comunidades Autónomas e 2 Cidades Autónomas** (Ceuta e Melilla). Cada Comunidade e Cidade Autónoma ten o seu **Estatuto de Autonomía**, un documento que recolle as súas competencias e as súas institucións de goberno.

En cada Comunidade coexisten as institucións propias e as do Estado. Entre estas últimas está o **delegado do goberno**, que representa o Goberno central e coordina a administración central e a da Comunidade.



4. As CCAA: contrastes territoriais.

4.1. As desigualdades entre os territorios

Entre as Comunidades Autónomas existen grandes diferencias de distinto tipo:

Diferenzas de extensión.

Desequilibrios demográficos.

Desequilibrios económicos.

Desigualdades sociais.

O **principio de solidariedade**, recollido na nosa Constitución, condiciona a actuación dos poderes públicos, especialmente en materia económica e financeira, que debe dirixirse a **reducir os desequilibrios** entre as Comunidades.


Con este obxectivo tamén se crearon os **Fondos de Compensación Interterritorial**.

20. CONTRASTES ENTRE AS COMUNIDADES AUTÓNOMAS




20 INTERPRETA OS MAPAS.

- Cal é a Comunidade Autónoma máis extensa? E a menos extensa? Que superficie ten o territorio de Galicia?
- Onde se concentra a maioría da poboación de España? Comenta como se distribúe a poboación en Galicia.
- Que Comunidades xeran maior riqueza? Cales menos?
- Que indica o PIB per cápita? Como é en Galicia, superior ou inferior á media?
- En que Comunidades hai máis poboación dedicada ao sector primario? En cales ten máis peso a industria? E os servizos?



aglomeracións urbanas, con **fortes vínculos entre os seus núcleos**, que esixen a planificación conxunta de servizos e obras.

- As **mancomunidades de municipios** para a execución ou prestación de obras, servizos e actividades da súa competencia



https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/f/fd/Mapa_da_comarca_de_Noia.png

UNIDADE 3.


A Organización económica.

1 A actividade económica

1.1. Que trazos definen a actividade económica?

- A **actividade económica** diríxese a **satisfacer as necesidades e os desexos humanos** a través de **bens e servizos**, e, na maioría dos casos, a **obter unha ganancia**.
 - Os **bens son mercadorías tanxibles** (un coche, un electrodoméstico, unha flor,...)
 - os **servizos** son actividades que **non producen bens materiais** (servizos educativos, sanitarios, de transporte,...).
- As persoas que interveñen na produción de bens e servizos son os **produtores**.
- as que os consomen para satisfacer as súas necesidades son os **consumidores**.
- A **oferta** é a cantidade de produto que os produtores poñen á venda.
- A **demanda** é a cantidade de produto que os consumidores desexan adquirir.
- O **valor en diñeiro** do conxunto dos bens e servizos producidos durante un ano nun territorio e o que se denomina **Produto Interior Bruto (PIB)**.

1. CONSUMO MEDIO POR FOGAR ESPAÑOL



1.2. As fases da actividade económica.

- As actividades económicas abranguen **tres fases**:
 - A **producción**. Comprende o conxunto de actividades necesarias para **obter ou fabricar** un ben ou un servizo.
 - A **distribución**. Engloba as actividades que **poñen en contacto** o produtor e o consumidor dun ben ou servizo. Inclúe o transporte, o comercio, a publicidade, etc
 - O **consumo**. É a **adquisición** dun ben ou servizo, que satisfai algunha necesidade do consumidor.

1.3. Os sectores económicos

- As actividades económicas agrúpanse en **tres grandes sectores**:
 - **Sector primario**.
 - Agrupa as actividades dirixidas a **obter alimentos e materias primas** da natureza.
 - Comprende a agricultura, a gandaría, a pesca e a explotación forestal.
 - **Sector secundario**.
 - Son as actividades económicas que **transforman as materias primas** en produtos elaborados.
 - Inclúe a industria, a minaría, o sector enerxético e a construción.
 - **Sector terciario**.
 - Tamén é chamado sector servizos porque comprende a estes.
 - Estes son tan **variados** como actividades necesiten ou estean dispostas a pagar a poboación e as empresas.

2. CONTRIBUCIÓN DOS SECTORES ECONÓMICOS AO PIB DE ESPAÑA



2. Axentes económicos e factores produtivos.

2.1. Os axentes económicos .

- As actividades económicas son realizadas por **tres grandes axentes**: as persoas, as empresas e o Estado.
 - As persoas**. Interven en na actividade económica de varias formas:
 - Achegan o seu traballo** ás empresas e ao Estado por un salario.
 - Empregan os seus ingresos** en adquirir os bens e servizos que producen as empresas e o Estado, invisten os seus aforros e pagan impostos ao Estado.
 - As empresas. Producen bens e servizos e distribúenos** a cambio dun beneficio económico, unha parte do cal se converte en **impostos** que pagan ao Estado.
 - O Estado**. Realiza dous tipos de actividade:
 - Elabora a política económica**, é dicir, o conxunto de normas que orientan e exercen un certo control sobre as actividades económicas.
 - Produce e distribúe bens e servizos**, pero faino buscando o benestar da sociedade. Para iso, sérvese de:
 - Os **impostos** que recada das persoas e das empresas.
 - Os **beneficios** que obtén da produción das empresas do Estado ou **empresas públicas**.
 - O **traballo dos empregados públicos**.

4. AS EMPRESAS ESPAÑOLAS SEGUNDO O SEU TAMAÑO

Número de asalariados	Número de empresas	Porcentaxe do total
Microempresas: menos de 10	3.006.979	95,70
Pequenas empresas: 10-49	113.148	3,60
Medianas empresas: 50-249	18.979	0,60
Grandes empresas: 250 e máis	3.822	0,10

Fonte: INE, DIRCE. 2013.




2.2. Os factores produtivos

- Nas actividades económicas interveñen catro factores produtivos: recursos naturais, traballo, capital e tecnoloxía.
 - Os **recursos naturais** encóntranse no medio físico (solo, subsolo, augas, atmosfera, etc.). Adoitan ser **materias primas e fontes de enerxía**.
 - O **traballo** é o esforzo humano utilizado para **producir un ben ou un servizo**.
 - O **capital** é o **conxunto de recursos non naturais** que se empregan na produción e distribución. Trátase do diñeiro que cómpre para:
 - Montar a empresa (capital financeiro).
 - Comprar máquinas, fábricas, etc. (bens de capital).
 - Investir na formación dos traballadores (capital humano).
 - A **tecnoloxía** é o conxunto de instrumentos e procedementos, froito do coñecemento científico, que permiten producir os bens e servizos, e organizar a produción e a distribución de forma eficaz.
 - A suma do valor de todos estes factores constitúe os **custos de produción**.

2.3. I+D+i, produtividade e competitividade.

- O avance tecnolóxico é posible mediante o investimento no que se coñece como I+D+i,
 - as siglas de **investigación, desenvolvemento e innovación.**
- A **investigación** permítenos ampliar o noso coñecemento.
- O **desenvolvemento** aplica os novos coñecementos co fin de lograr melloras produtivas prácticas.
- E a **innovación** consiste en crear ou modificar produtos ou procesos produtivos (que non necesariamente derivan de novos coñecementos científicos), introducindo novidades.
- Os **avances tecnolóxicos incrementan a produtividade** das empresas.



6. GASTO EN I+D+i DOS PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA

3. Globalización.

É un proceso de progresiva **liberalización dos intercambios** de bens, servizos, tecnoloxía, traballo e capitais entre os distintos países do mundo. Isto supón que os produtos, os servizos, etc., dun país poden venderse noutro sen que sufran recargas especiais.

Como **consecuencia** do proceso de liberalización estase producindo:

- O **crecemento do comercio entre os países**, que repercutiu nun incremento da produción.
- Unha **crecente integración económica mundial**, que fai que as economías dos países cada día sexan **máis dependentes** das exportacións e importacións...
- O **xurdimento de novas potencias económicas** que lograron un importante crecemento económico e compiten coas potencias industriais tradicionais.
- Unha **certa globalización tamén social e cultural**, ao estenderse formas de pensamento e de vida, modas,...

3.1. Os organismos que dirixen a economía mundial

A globalización non sería posible sen a existencia dun conxunto de organismos que apoian o seu desenvolvemento.

- O **A Organización Mundial de Comercio (OMC)**
- O **Fondo Monetario Internacional (FMI)**
- O **Banco Mundial**
- O **G-20** intégrano os países do **G-8** máis outros once países e a Unión Europea. : (Alemaña, Canadá, Estados Unidos, Francia, Italia, Xapón, Reino Unido e Rusia). Reúnese periodicamente para analizar os grandes problemas da economía mundial e achegar posicións sobre as medidas axeitadas para resolvelos.

7. O CRECIMENTO DO COMERCIO





8. MEMBROS DO G-8 E G-20


3.2. Liberación dos intercambios:

Liberalizar os intercambios de produtos significa **eliminar ou reducir os obstáculos** que os países adoitan poñer para evitar a entrada de produtos doutros países, coa finalidade de que os produtos propios non sufran a competencia dos demais.

Os **principais obstáculos** son:

- Os **aranceis**, impostos que gravan as importacións, aumentando o prezo dos produtos estranxeiros.
- As **subvencións** (axudas económicas) aos produtores do país, para que poidan vender os seus produtos a un prezo máis baixo.
- A **limitación de artigos** dun produto que un país pode vender noutro.
- A aprobación de **normas de calidade** que dificultan a venda de produtos de países que non cumpran esa normativa.

11. EVOLUCIÓN DOS ARANCEIS



Exportacións mundiais de mercadorías (En %)

- Menos do 1
- Do 1 ao 3
- Do 3 ao 10
- Máis do 10
- Sen datos

10. PROPORCIÓN DAS EXPORTACIÓNS MUNDIAIS DE MERCADORÍAS

4. As deslocalizacións.

4.1. Proceso de deslocalización.

É o **proceso** polo que unha **empresa pecha factorías ou sucursais no seu país de orixe e as establece noutros Estados do mundo.**

As empresas que se deslocalizan **buscan vantaxes**, como custos laborais máis baixos, **menores esixencias de coidado medioambiental**, impostos máis reducidos ou a proximidade a mercados en que se quere vender.

As deslocalizacións tiveron importantes **efectos**:

- Os **países desenvolvidos reduciron a súa actividade** nos sectores deslocalizados, coa conseguinte **perda de empregos.**
- Os **países que recibiron** estas actividades puideron, por iso, **crear emprego**, recibir **tecnoloxía avanzada e capitais estranxeiros** e aumentar as súas exportacións.
- As **empresas deslocalizadas incrementaron os seus beneficios.**


4.2. Globalización e traballo

Un dos **factores** que explican en que territorios se localizan as empresas son os **baixos custos laborais**. Isto xera **dúas situacións**:

- Nos **países desenvolvidos**, os traballadores empregados en actividades que se poden deslocalizar viven unha **situación de inseguridade**. Ademais, os seus **salarios crecen pouco** ou diminúen, e as súas **condicións de traballo tenden a empeoran.**
- Nos **países emerxentes e en desenvolvemento**, para seguir mantendo a competitividade, as **empresas intentan manter baixos niveis salariais e malas condicións de traballo.**

(O crecemento do emprego nos países emerxentes viuse acompañado por un **aumento dos salarios**. Non obstante, **seguen sendo moi baixos**).

37. TAXAS DE PARO



Na actualidade, **subsisten no mundo vellos problemas laborais**:

- Un **elevado nivel de inseguridade no emprego.**
- Unha **alta porcentaxe de economía somerxida ou informal.**
- O **traballo infantil.**
- **Non se crea emprego suficiente e subsiste o paro.**

5. O auxe das economías emerxentes.

5.1. Os países emerxentes


Considéranse emerxentes os países que presentan un **forte ritmo de crecemento do PIB** e da súa **participación no comercio exterior**. O seu crecemento é maior ca o dos países desenvolvidos.

5.2. As vantaxes destes países ante a globalización económica

Estas vantaxes son:

- Teñen unha **abundante poboación** que percibe baixos salarios.
- Están **ben comunicados** ou nas áreas de influencia dos países


19. PAÍSES AVANZADOS E EMERXENTES



desenvolvidos, o que facilita os procesos de deslocalización.

- Algúns dispoñen de **recursos enerxéticos ou materias primas básicos** para a economía mundial.
- Os Estados potenciaron o seu desenvolvemento, creando **infraestruturas**, garantindo os **investimentos estranxeiros**, asinando acordos comerciais, apoiando a innovación, etc.

21. DIFERENZAS SALARIAIS



5.3. Principais limitacións dos países emerxentes

A pesar do seu gran desenvolvemento económico, estes países teñen aínda características que non permiten consideralos desenvolvidos:

- O seu crecemento e a súa capacidade para competir baséanse no mantemento de **baixos salarios**, o que crea grandes diferenzas sociais.
- O desenvolvemento non se estendeu polo territorio destes países dunha forma homoxénea, senón que **se concentra en zonas concretas**.
- O crecemento económico **concentrouse en sectores determinados**.
- **Dependen excesivamente das exportacións**.
- Para gañar competitividade, non tiveron en conta os **impactos negativos** das actividades produtivas sobre o **medio ambiente**.

Por iso, os países emerxentes deben afrontar como reto invertir a situación e superar estas limitacións.


5.4. OS BRICS

Dentro dos países emerxentes, destacan os **BRICS: Brasil, Rusia, India, China e Suráfrica**.

Teñen varias características comúns:


- O seu **crecemento económico é fortísimo**; en xeral, maior ca o dos demais países emerxentes.
- Son **países de gran tamaño e importancia económica**.
- Manifestan a súa intención de **exercer un papel de líderes na economía mundial**.

22. TAXAS DE CRECIMENTO DO PIB



25. CHINA: A DESIGUALDADE SOCIAL





- **Actúan de forma coordinada**, celebran reunións en que adoptan políticas comúns, orientadas a aumentar o seu peso nas institucións económicas globais (G-20, OMC, ONU,...).

6. A deterioración das potencias tradicionais


6.1. A debilitación económica dos Estados

Ata o decenio de 1990, os países desenvolvidos **controlaban a economía mundial**, pero **nos últimos anos**, os países desenvolvidos **perderon poder económico** e capacidade de actuación.

- Por un lado, **descenderon os ingresos** destes Estados procedentes dos **impostos**.
- Ademais, **os Estados endebedáronse trala crise de 2007**. Os Gobernos saíron ao **rescate de moitos bancos**, pediron empréstitos e isto **aumentou a débeda dos Estados**.

Como consecuencia, os Estados dos **países desenvolvidos contan con menos diñeiro** para financiar os **servizos e os gastos sociais**.

33. ESCASO CRECIMENTO DAS POTENCIAS TRADICIONAIS



6.2. O Estado de benestar en risco?

Ao tempo que **os ingresos dos Estados desenvolvidos se debilitaron**, os **gastos sociais están aumentando**.

O **desfasamento entre ingresos e gastos** está provocando o **recorte dalgunhas prestacións e servizos sociais**.

A globalización deu lugar a **dous fenómenos contraditorios** nos países desenvolvidos:

- O **crecemento económico** e a multiplicación dos beneficios das **grandes empresas**.
- O **aumento das diferenzas de riqueza** entre a poboación.

Tradicionalmente, contar cun **traballo era a base para escapar da pobreza**, pero a **redución de salarios** esta aumentando o número de persoas que teñen un traballo pero son pobres.

34. GRANDE ENDEBEDAMENTO



7. Os sistemas económicos.

Sist. económico	Decisión de Asignación		Decisión de Distribución
	¿Que producir?	¿Cómo producir?	¿Para quien producir?
Tradicional	La asignación de recursos se resuelve por herencia de padres a hijos , que conservan incluso el mismo oficio que el padre.		La distribución de bienes se determina por la costumbre o la tradición .
Planificado	La asignación de recursos está centralizada . La autoridad política impone los objetivos productivos, que se fijan en planes , y supervisa a los agentes productivos para controlar su cumplimiento.		La distribución se realiza según el criterio de la autoridad , que controla todas las relaciones comerciales , realiza el reparto o fija los precios.
De libre mercado	Los consumidores deciden con sus compras qué deben producir las empresas: si las compras aumentan, el precio sube , y las empresas sabrán que ese bien se demanda . Si disminuyen, el precio baja y a las empresas no les interesa producir ese bien.	La forma de producción la deciden las empresas con el objetivo de maximizar beneficios : buscan reducir sus costes al mínimo y ser muy eficientes.	Todos aquellos que pueden pagar el precio de un bien o un servicio pueden adquirirlo.
Mixto	Mercado: Beneficio y soberanía del consumidores Estado: Produce bienes no rentables e imprescindibles	Mercado: Principio del beneficios Estado: Empresa pública que busca el interés general	Mercado: Principio de la escasez Estado: Cobra impuestos y da ayudas